



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA (FEGALOITA), PARA A COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE EMPODERAMENTO E AUTOCAPACIDADES CON MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago, 6 de novembro de 2019

REUNIDOS

Dunha banda,

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

E doutra

A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) V36651081, representada neste acto por Don Jose Luis Olazábal Ibars, que actúa en nome e representación de FEGALOITA, en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigo 33 dos seus estatutos

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.



Xacobeo 2021

galicia

Segundo.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

I

Terceiro

Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Cuarto

Que a Instrución 7/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei Orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas, establece no seu anexo II o fomento dos cursos de defensa persoal

Quinto

Que a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega e que está integrada polos clubs deportivos, as seccións deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva.

A Federación Galega de Loita (FEGALOITA), ademais das súas propias competencias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.

Ademais, FEGALOITA ten deseñado e desenvolve un proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres, tamén con vítimas da violencia de xénero e sexual, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación ante diversas situacións, tanto para a prevención de situacións de violencia como de actuación ante situacións de conflito.

Sexto

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para a difusión e apoio do proxecto de empoderamento e

autocapacidades con mulleres en xeral, e con vítimas da violencia de xénero e sexual en particular, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia, no marco da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero,


O carácter singular do presente Convenio, ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, só no pasado ano 2018, máis de 1.300 mulleres foron vítimas directas da violencia de xénero, 3 delas con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer a presente colaboración.

SEGUNDA.-COMPROMISOS DAS PARTES.



a) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, difundirá entre ás entidades locais, preferentemente ás que compoñen a Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, a posibilidade de levar a cabo nos seus territorios e en colaboración cos CIM ou cos servizos sociais, o proxecto de empoderamento e autocapacidades deseñado pola Federación Galega de Loita (FEGALOITA),

b) Así mesmo, A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade comprométese a facilitar material informativo e de e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para a súa distribución nas accións que leve a cabo no marco deste convenio, así como a poñer a disposición da Federación contidos formativos sobre violencia de xénero e sexual a incluír no seu programa de formación, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto.



c) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA), comprométese a desenvolver, a través de instrutores e instrutoras convenientemente formados/as en defensa persoal e con experiencia en formación e en técnicas de intervención e coñecementos en violencia de xénero e sexual, as accións obxecto deste Convenio .

d) Igualmente, a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), garantizará un seguro de cobertura de accidentes para as alumnas participantes nas actuacións, que cubra os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades e unha vez rematadas as accións, a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), encargase de expedir os correspondentes diplomas

TERCEIRA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á Federación Galega de Loita a cantidade de 40.000 € (corenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á CCAA de Galicia.

CUARTA.-DURACIÓN.

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, podendo imputarse ao mesmo as accións recollidas no mesmo, realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019.

QUINTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes Federación Galega de Loita (FEGALOITA), e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

SEXTA.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio

- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

SÉTIMA. CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente Federación Galega de Loita (FEGALOITA), dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os

documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 16 de decembro de 2019, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 18 de decembro de 2019. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

NOVENA- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no desenvolvemento das accións establecidas neste convenio, a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza antes do 31 de xaneiro de 2020:

a) unha memoria final de actuación na que se recollerán, desglosados todos as accións desenvolvidas, con indicación de:

- Nº total de accións, especificando para cada unha delas:

1. Nº de participantes en cada acción
2. Relación das participantes
3. Localidades e provincias onde se desenvolveu cada acción
4. Nome das/dos monitores/as que impartiron cada unha das accións
5. Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na realización das accións

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas participantes nas accións, segundo o formato consensuado entre a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), e a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a

súa atención integral.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMA.- OBRIGAS

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias das accións e deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza así como do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e a denominación do programa.

b) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de atención, se fora o caso, e a información en páxinas web.

d) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) queda obrigada a realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da Xunta de Galicia.

e) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

f) A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao remate da vixencia do convenio, os datos relativos ás persoas participantes nas accións desenvolvidas segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos pessoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), A Federación Galega de Loita (FEGALOITA), en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as



XUNTA DE GALICIA



sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A Secretaria xeral da Igualdade e o Director xeral de Emerxencias e Interior, que poderán dispor que os substitúa algún/ha funcionario/a deses departamentos.
- pola Federación Galega de Loita (FEGALOITA), o seu Presidente persoa que este dispoña para que a substitúa.



En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
XUSTIZA

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella



O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
GALEGA DE LOITA

José Luis Olazábal Ibars

